



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

Comunicado de Prensa

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REBAIXA AS CONDICIÓNS LABORAIS DOS TRABALLADORES DO ENSINO

A Consellería de Educación non regatea esforzos para recortar dereitos aos profesionais do ensino en Galicia e en consecuencia para a educación en xeral. O desembarco agresivo do actual equipo xestor da Consellería de Educación, maniféstase na toma de medidas desafortunadas, tal como se observa nas accións emprendidas que así o reflicten.

Ao longo do verán, coa ausencia do profesorado nos centros e a marxe das OOSS, fóronse tomando unha serie de medidas que nos descubren o verdadeiro rostro do PP, amosándonos onde figuran os seus intereses sempre lonxe de apostar pola calidade do ensino.

Comezan a súa lexislatura facendo alarde da derogación do Decreto do Galego no Ensino, a pesar de que no ano 2004 todas as forzas políticas galegas con representación no Parlamento, entre as que estaba o PP, aprobaran o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega co establecemento do Decreto de Normalización Lingüística. A partir de aquí, partindo do consenso das tres forzas políticas, non había ningún problema. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, nada máis chegar encargase de xerar un problema.

O goberno que soportamos na actualidade os galegos subvenciona, por exemplo, centros educativos que discriminan por sexo. FETE UGT presentou ante os tribunais de xustiza un recurso contra esta decisión tomada polo Consello da Xunta o 6 de agosto.

Establécense recortes nos cadros de persoal incumprindo a máis elemental das normativas dos órganos de representación que é a de eludir a consulta dos traballadores.



Comunicado de Prensa

Incrementátese a carga horaria deliberadamente nas EEOOII, provocando a primeira folga no ensino en Galicia xa antes do inicio do curso.

Sobrecárgase de traballo aos centros con tarefas que non son exclusivamente pedagóxicas. Entendemos que os docentes dedícanse á docencia, tarefa para a que están formados e remunerados, e non a xestionar as axudas de libros de texto.

Vanse crear “aulas de castigo” nos centros coa finalidade, ao noso entender, de ter alumnos de primeira e alumnos segunda, preocupándose sublimamente de deixar claro que a Consellería está para mandar e os demais para traballar, sen poder expresar a súa opinión, debatela e atopar unha solución de consenso que satisfaría ao conxunto da Comunidade Educativa, atentando contra a autonomía pedagóxica dos centros.

FETE UGT quere deixar constancia destes graves feitos poñendo en evidencia o traballo realizado na etapa anterior onde se estableceu como pedra angular a negociación e o consenso, que deron como froitos acordos sobre cadros de persoal e retribucións. Advertimos á actual Consellería de Educación que o listón está moi alto.

FETE UGT aposta por esta metodoloxía de traballo e invita encarecidamente o equipo da actual Consellería de Educación a abandonar a actual postura intransigente que irremediabilmente provocará a xudicialización da negociación colectiva provocando un deterioro notable nas condicións de traballo dos profesionais do ensino e, en consecuencia, na calidade educativa, contrariamente ao que está a declarar na actualidade o Presidente da Xunta que logo en documentos amosa o contrario. Basta con visualizar o denominado “Plan de Choque da Xunta de Galicia” onde non se ten en consideración o ensino e soamente se contemplan o adalgazamento dos orzamentos dos servizos sociais.

FETE UGT transmítelle á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que os traballadores do ensino da nosa comunidade non queren volver a actitudes pasadas non moi lonxanos no tempo onde nos Consellos da Xunta primaban máis os quilómetros de autopistas con peaxe sobre as necesidades educativas de Galicia.



Comunicado de Prensa

FETE UGT invita aos responsables da Consellería de Educación, incluído ao Conselleiro, a rebaixar os niveles de soberbia amosados e o ton de voz empregado para emprender unha verdadeira senda de negociación. Ten pouca ou ningunha explicación o recorte inflixido a uns dereitos consolidados co esforzo de todos que non imos consentir a pesar de que nos levante a voz.

Toda esta situación causada polo conxunto de decisións adoptadas pola nova Consellería ven a complicar máis a situación do que é habitual nun inicio de curso desta nova lexislatura.

Santiago, a 15 de setembro de 2009

Marcelino Brea Mella
SECRETARIO XERAL DE FETE UGT/GALICIA